

María Canosa, autora da novela xuvenil «Á espreita na penumbra»

«No futuro véxome traballando a pé de obra»

Unha familia que vive feliz nunha fermosa urbanización é ameazada por unha misteriosa voz que chega do pasado chea de malos agoiros. A súa persecución non se deterá ata desencadear unha traxedia. Despois de *Bramido maino* (Edicións do Castro) e *A pedra de seixo* (Sotelo Branco), a xoven autora orixinaria da localidade coruñesa de Cee María Canosa aposta polo medo e a fantasía na novela xuvenil *Á espreita na penumbra*, a súa terceira obra (Sotelo Branco). María adica a publicación á súa nai, a escritora Concha Blanco.

—**¿Que temas aborda na súa narrativa?**

—Falo sobre as cousas que vexo, aínda que non me pasen a min directamente. É máis fácil para min escribir sobre algo

que coñezo, collendo recortes de aquí e de alá, que inventalo. Esta última obra é unha noveliña para rapaces de 14 e 15 anos. É unha obra de medo, aínda tamén bastante triste, que mantén a atención do lector.

—**¿Con que idade a rematou de escriir?**

—Con 17 anos e a escribín nun verán. Pero a escritura non é para min unha labor continuada. Cada obra ten o seu tempo distinto. É unha cousa que vai lenta, porque teño moito que estudar.

—**¿O paso do tempo dende a adolescencia afectou á súa forma de escribir?**

—Antes era máis doce, pero aquí é ó revés. Sigo sendo positiva, pero pinto a vida algo máis dura. Hai pouco empecei a escribir sobre un mozo. Sen

ter unha historia tremenda que contar empecei a falar das voltas que lle da ó seu maxín e creo que vou cambiar de estilo outra vez. Tamén estou facendo uns poemiñas de estilo máis modernista que, se me saen ben, serían algo novidoso.

—**¿Que sente ao ver os seus libros nos escaparates de todo tipo de comercios?**

—Pois para min é unha emoción moi grande, aínda que vivo nun ambiente no que xa experimento moi de preto a literatura, pola miña nai. Pero o feito de chegar a unha librería que non coñezo de nada e atopar á vista a miña obra é algo moi emocionante.

—**¿Vese como escritora?**

—No futuro véxome traballando a pé de obra, xa que estudio a carreira de Enxeñería



CÉSAR QUIJAN

María Canosa vén de presentar a súa terceira novela en Sotelo Branco

de Camiños. Sei que non vou deixar a escritura, pero non me adicarei a ela profesionalmente. O fago por pracer, non por deber. Ademais, neste mundo ou te convirtes nun Manuel Ri-

vas ou é imposible vivir disto.

—**¿Por que lle gustan tanto os finais abertos?**

—Porque deixan o texto libre para que cada lector sexa partícipe e lea un libro distinto.